

TEMA 7 O inicio da Idade Moderna en España, Galicia e América

O reinado dos Reis Católicos

(páxina 180)

1. Cando se uniron as Coroas de Castela e Aragón?
En 1479 se fixo efectiva a unión das Coroas de Castela e Aragón co matrimonio de Isabel e Fernando en 1469
2. Por que se fala dunha unión dinástica o matrimonio dos Reis Católicos e non dunha unión territorial?
Porque as dúas Coroas só tiveron en común os monarcas, cada unha mantivo as súas institucións, leis, costumes e moedas.
3. Como implantaron unha monarquía autoritaria?
Unificaron o territorio, forzaron a unidade relixiosa e estableceron o Estado moderno.
4. Como se fixo a unión territorial?
Coa anexión por conquista do reino nazarí de Granada (1492) e a incorporación de Navarra (1512).
5. E a unión relixiosa?
Pois tomaron medidas contra os xudeus (expulsión en 1492) e estableceron o Tribunal da Santa Inquisición (1478) para perseguir aos herexes.
6. Como impuxeron a súa autoridade sobre a nobreza, o clero e os municipios?
Pois sometendo á alta nobreza, reducindo o seu poder señorial, intervindo o nomeamento dos bispos e os bens das ordes militares; reducindo a autonomía dos municipios (corrixidores) e apenas convocaron as Cortes.
7. Indica como reformaron a administración.
Crearon novos organismos especializados como os Concellos, as Chancellerías ou Audiencias, melloraron a Facenda (novos impostos) e crearon a Santa Irmandade e un exército permanente.

A monarquía hispánica

8. Que dous monarcas reinaron durante o século XVI? Entre que datas? (páxina 182)
Carlos I (1516-1556) e Felipe II (1556-1598)
9. Cales foron as características desta etapa?
Pois ambos monarcas consolidaron a monarquía autoritaria, enfrontáronse a numerosos conflitos internos e externos, gobernaron un extenso imperio que lles permitiu impoñer a hexemonía hispana en Europa e coincidiron cunha etapa de prosperidade económica e artística ("Século de Ouro").

A política dos Austrias

(páxina 184)

10. Completa o cadro seguinte.

REIS	CONFLICTOS INTERNOS	CONFLICTOS EXTERNOS
CARLOS I	• Comunidades (1520-23) • Xermanías (1519-23)	• Francia • Turcos • Estados alemáns: reforma protestante, a Paz de Augsburgo (1555)
FELIPE II	• Rebelión dos mouriscos (1569) • Unión con Portugal (1580) • Rebelión de Aragón (1590)	• Francia: San Quintín (1557) • Turcos: Lepanto (1571) • Rebelión dos Países Baixos (1566) • Inglaterra: Armada Invencible (1588)

A conquista de América

(páxina 186)

11. Cales foron as características principais da conquista?
Foi un proceso rápido, os conquistadores eran particulares e baseouse en capitulacións.

12. Completa as fases da conquista e os territorios adquiridos.

ETAPA	TERRITORIOS
1ª ETAPA: grandes Imperios	- Hernán Cortés: Mexico- Aztecas (1519-1521) - Francisco Pizarro: Perú-Incas (1531-1533)
2ª ETAPA	- Resto América do Sur (menos Brasil); América central, sur de América do Norte. - Illas Filipinas (1571)

Colonización e organización de América

(páxina 188)

13. Completa o seguinte cadro do goberno de América.

ORGANISMO	FUNCIÓN
Consello de Indias	Gobernaba os novos territorios americanos.
Audiencias	Encargábase de administrar xustiza.
vicereinado	Ampos territorios gobernados por un representante do rei.
Gobernacións	Mandados por un gobernador.
Cabidos	Rexido por un concello

14. Fai unha redacción sobre cal era a principal actividade económica en América, indica dous grandes xacementos e como era a forma de traballo neles.

A principal actividade económica de América foi a minería. Explotaban os xacementos de ouro e, sobre todo, de prata en México (Zacatecas) e Perú (Potosí). O traballo na mina realizábase por medio da **mita**, un traballo forzoso e asalariado dos indíxemas.

15. Como se realizaban as actividades agrarias? Explícao.

As actividades agrarias practicábanse en grandes propiedades agrícolas (facendas) e gandeiras (estancias), traballadas con indíxenas en réxime de **encomenda** ou con escravos negros africanos.

16. Como era o comercio con América? Como se exercía?

O comercio era monopolio de Castela e exercíase por medio da Casa de Contratación de Sevilla.

17. Por que a conquista provocou un forte descenso demográfico entre os indíxenas? Que outras consecuencias negativas tivo?

Porque o traballo forzoso e, sobre todo, as enfermidades traídas polos españois para as que non tiñan defensas, provocaron unha altísima mortalidade. Outras consecuencias foron o abandono da súas formas de vida, economía e que quedaron subordinados socialmente aso conquistadores.

O século de Ouro

(páxina 194)

18. Por que se chamou “século de ouro” ao século XVI e XVII en España?

Porque foi a etapa máis florecente da cultura española tanto no ensino, literatura, ciencia e nas manifestacións artísticas.

19. Completa os trazos dos principais estilos da arquitectura renacentista en España e Galicia.

ESTILO	CARÁCTERES	OBRAS
Plateresco	Formas góticas, pero recubertas de gran decoración renacentista (medallóns, grutescos, escudos) que recordan o traballo dun plateiro	- Fachada universidade de salamanca - Hostal dos Reis Católicos
Purismo	Elementos construtivos do Renacemento con decoración máis simplificada e de maior tamaño.	- Fachada Universidade Alcalá de Henares - San Martín Pinario
Herreriano	Formas simples, nudez decorativo, tellados de lousa.	San Lourenzo do Escorial